

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL
PARA A XESTIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL CENTRAL DE FERROL**

Memoria xustificativa

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para a xestión da Biblioteca Pública Municipal Central de Ferrol, por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ferrol para a mellora dos servizos bibliotecarios que presta a Biblioteca Municipal Central de Ferrol, mediante o financiamento da actualización e diversificación da súa colección bibliográfica e documental e das actividades de dinamización bibliotecaria e documental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O concello de Ferrol conta cunha rede de 2 bibliotecas de titularidade municipal, unha das cales, a Biblioteca Central Municipal, vén prestando os seus servizos a toda a cidade e a súa comarca desde a súa creación en 1942. Foi inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia no ano 1996 e integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia en virtude do convenio asinado o 9 de maio de 2008.

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia establece que a Biblioteca Municipal Central de Ferrol ten a categoría de Biblioteca Central Territorial, dado que presta servizos bibliotecarios integrais a un territorio de ámbito poboacional superior aos 50.000 habitantes, coordina e presta servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.





Segundo o Mapa de Bibliotecas, só existen en Galicia 7 bibliotecas centrais territoriais, seis delas de xestión autonómica e unicamente unha, a Central Municipal de Ferrol, de titularidade e xestión municipal.

A Biblioteca Central de Ferrol recibe fondos do concello para a conservación e mellora do equipamento como para a mellora das súas coleccións e para a realización de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural e ademais participa nas convocatorias de subvencións convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinadas á mellora dos servizos bibliotecarios das bibliotecas de titularidade municipal.

Non obstante os investimentos previstos considéranse insuficientes para poder prestar os servizos que ten encomendados nas condicións adecuadas.

Por todo o anterior, coa finalidade de facilitar que a Biblioteca Central de Ferrol cumpra cos obxectivos en similares condicións ao resto das bibliotecas da mesma categoría, considérase necesario artellar un sistema de apoio ao labor bibliotecario que está a desenvolver esta biblioteca, co obxecto de colaborar no financiamento da mellora das coleccións, así como nas actividades de dinamización bibliotecaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e o Concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario, tendo en conta que se trata do único concello galego ao que lle corresponde a xestión dunha Biblioteca Central Territorial. Por outro lado, acredítase o interese social da axuda que se concede mediante este convenio pola necesidade de acadar unha maior eficacia na prestación dos servizos bibliotecarios, tendo en conta a especial condición de cabeceira dunha rede bibliotecaria municipal singular por poboación e territorio.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela
(*asinado dixitalmente*)

